



CONCLUSIÓNS

do equipo autor deste informe

Primeira. O PIB de Galicia baixou en 2012 un 1,2% segundo o IGE. Na media estatal a diminución foi dun 1,4% e na UE-27 dun 0,3%.

O PIB por habitante en Galicia no ano 2012 foi un 91% da media española, trala subida de 2,8 puntos porcentuais no último bienio.

Segunda. No comercio internacional, por quinto ano consecutivo, o valor das exportacións de Galicia superou ao das importacións. A participación relativa de Galicia en España nas importacións é parella da nosa poboación (5,8%) e nas exportacións é dun 7,4%.

No que se refire ao comercio intraestatal, Galicia quedou no ano 2012 cun déficit de 3.822 millóns de euros.

Terceira. A taxa de inflación de Galicia en 2012 (2,6%) quedou tres décimas por baixo da media española. Os grupos de medicina e aluguer de vivenda foron os de maiores subas porcentuais dos prezos en Galicia.

Cuarta. De acordo cos datos do Directorio Central de Empresas do INE, se ben decreceu por cuarto ano consecutivo o número de empresas nas catro provincias galegas, o fai en menor medida que o conxunto estatal. As empresas galegas diminúen ó inicio de 2012 en 2.024 –cun decaemento do 1,02% con respecto ó ano anterior– representando o 6,07% do total estatal, das que ao redor da metade non teñen persoas asalariadas. Tamén se deu unha diminución no número total de traballadores autónomos de 3.000 persoas traballadoras.

Quinta. O gasto en I+D de Galicia supón para o ano 2011 (último dato dispoñible) o 0,91% do PIB, cinco centésimas menos ó do ano anterior e lonxe da media estatal española (1,33) que diminúe anualmente en seis centésimas.

Sexta. Galicia conta con 60 novas sociedades laborais inscritas no ano 2012. Delas, son persoas socias traballadoras 228, e persoas socias capitalistas 35. Estes datos mostran unha liña ascendente en número de sociedades e do número de traballadores respecto ós do exercicio anterior.

Así, no que se refire a sociedades laborais inscritas na Seguridade Social e persoas socias iniciais das mesmas, o cadro 3.1 móstranos a existencia de 60 sociedades desta natureza en Galicia (48 no ano 2011), o que supón un crecemento no número de sociedades que vai parella dun crecemento do número de socios ata os 263 (157 no 2011) dos que son persoas socias traballadoras 228 (174 homes e 54 mulleres). No ano 2011, as persoas socias traballadoras eran 127 (95 homes e 32 mulleres). No que se refire a persoas socias capitalistas, son 35 (21 homes e 14 mulleres) e no ano 2011 eran 30 (17 homes e 13 mulleres). Estes datos amosan unha liña ascendente tanto en número de sociedades como en número de persoas traballadoras respecto do exercicio anterior.

Galicia sube do noveno ó quinto lugar a nivel nacional, respecto ó número de sociedades laborais e persoas traballadoras, que representa un 17% das sociedades laborais en España. As provincias cun maior número de sociedades e persoas socias son

A Coruña (26 sociedades laborais rexistradas e 142 persoas socias respectivamente) e Pontevedra (15 e 45).

Sétima. A diminución do emprego en Galicia no ano 2012 (4,4%) foi algo menor que na media estatal (4,8%).

A taxa de ocupación da poboación galega entre 16 e 64 anos (57,8%) superou en 2,3 puntos porcentuais á estatal, pero quedou moi por baixo da que rexistrou a UE (64,6%).

Oitava. A poboación desempregada subiu en 2012 un 15,4% en Galicia e un 13,1% no conxunto do Estado.

A taxa de desemprego galega (21,5%) está 4,7 puntos porcentuais por baixo da española.

Novena. Os datos do paro rexistrado reflicten un incremento do 7,96%. No conxunto de España, a suba producida foi do 9,64%.

A taxa de paro rexistrado acada o 21,25% en 2012, presentando un peor comportamento no caso das mulleres, no que se chega ó 22,85%, fronte ó 19,85% do colectivo masculino, pero cunha tendencia a reducir as diferenzas.

Décima. Mantense unha maior representación dos homes na contratación (51,41%) fronte ás mulleres (48,59%), unida a un maior uso dos contratos temporais, dos contratos a tempo parcial (no ano 2012 o eventual por circunstancias da produción a tempo parcial superou ao de xornada completa) e un menor concerto de contratos indefinidos.

Compre destacar que seguen existindo modalidades contractuais eminentemente femininas como é a de interinidade (70,73%), e a de prácticas volta a superar aos concertados con homes. O sector servizos e ocupacións como empregada administrativa e traballadoras de servizos de restauración, persoais e de comercio manteñen a maioría feminina.

Décimo primeira. Polas características do traballo das mulleres (máis traballo a tempo parcial, subrepresentación en postos altos, menor antigüidade media, maior temporalidade, categorías menos retribuídas altamente feminizadas, etc.) as mulleres galegas percibiron un salario medio anual un 23% inferior ao do home, e o 34% das mulleres galegas tiveron ingresos iguais ou inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

O importe medio das prestacións por desemprego percibidas polas mulleres galegas foi o 81% das prestacións percibidas polos homes. Do mesmo xeito, as pensionistas galegas só percibiron como media o 74% das pensións do grupo de homes.

Décimo segunda. As excedencias para o coidado de familiares foron solicitadas por mulleres no 84% dos casos. Porcentaxes similares se dan nas excedencias por coidado de fillo/a (94% de mulleres). Do total de persoas que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos e nenas e adultos enfermos, persoas con discapacidade ou maiores, o 97% son mulleres.

Décimo terceira. No ano 2012 se reduciron as contratacións en 9.107 contratos. Do total de contratos rexistrados o 92% o foron baixo unha modalidade de duración temporal, e só un 8% o foron de xeito indefinido.

A modalidade contractual máis utilizada segue sendo o contrato eventual por circunstancias da produción (43,48% dos contratos iniciais) Nun segundo lugar se atopa o contrato de obra ou servizo determinado (35,68% dos contratos iniciais). Tendo en conta a xornada, o máis significativo foi o aumento da xornada a tempo parcial, acadando o 35% en 2012 (31% en 2011).

O traballo temporal no sector privado acadou un 22,2% no colectivo masculino e un 26,8% no feminino sobre o conxunto da poboación asalariada. No sector público situouse nun 15,2% e un 22,6% segundo foran homes ou mulleres. A rotación dos asalariados galegos foi de 3,65 contratos eventuais por cada traballador, e a rotación das asalariadas galegas acadou os 2,97 contratos.

Décimo cuarta. Con datos da Seguridade Social para o ano 2012, se ben se incrementan globalmente as cifras de empresas en alta, iso é debido a que, desde o 1 de xaneiro de 2012, existe unha nova regulación para os réximes agrario e do mar coa súa inclusión, como sistemas especiais, no Réxime Xeral. Se resalta que o 88,3% das empresas teñen menos de 10 persoas traballadoras, e a ocupación elevada de traballadores/as en empresas cuxa titularidade corresponde a persoas xurídicas.

Décimo quinta. Continúan a facerse patentes os efectos da crise en 2012 e o número de persoas afiliadas á Seguridade Social diminúen en media anual en 39.000, tras a baixa de 42.800 en 2009, 22.200 en 2010 e 27.300 en 2011. O descenso dos activos/as prodúcese en todos os sectores da actividade, en especial na construción: o 15,89%.

Décimo sexta. A relación persoas activas/persoas pasivas no sistema da Seguridade Social ven a afondar en 2012 o signo negativo: maior incremento das persoas perceptoras de prestacións en relación coas persoas afiliadas, producíndose en Galicia unha diminución de 6 décimas e pasando a representar 1,29 cotizantes por pensionista, fronte ó 1,89 do conxunto do Estado (oito décimas menos que no ano 2011).

Décimo sétima. Diminúen en cómputo anual ó fin de 2012 as afiliacións á Seguridade Social no colectivo das mulleres en 6.417 cotizantes, se ben estas pasan a representar en decembro do citado ano o 48,12% do total das persoas afiliadas en Galicia.

Décimo oitava. Da formación da demanda dirixida á poboación ocupada en Galicia beneficiáronse 37.860 empresas. Delas, os maiores porcentaxes se deron entre aquelas empresas cun cadro de persoal de entre 10 e 49 persoas traballadoras, e aquelas de 1 a 5 persoas traballadoras.

Na devandita formación participaron un total de 169.835 persoas. Respecto ao ano 2011 obsérvase un descenso de 153.647 participantes, respecto aos 170.482 do ano pasado.

Do total de participantes formados e formadas, a maior porcentaxe de participantes concéntrase nos dous grupos de idade de entre 26 e 45 anos en ambos sexos. Tamén mostra que, do total de participantes, 100.771 (59,33%) son homes, mentres que 69.064 (40,67%) son mulleres.

Respecto aos contidos formativos con maior número de participantes, destaca “Prevención de riscos laborais en xeral” que concentra o maior número: 36.462 persoas (o 21,47%), mentres que as dúas seguintes accións de maior número de formados e formadas son a “Xestión de Recursos Humanos” (7,80%) e “Seguridade Alimentaria” (5,13%).

Décimo novena. O total de accidentes en xornada de traballo experimentou un descenso dun 24,03%, sendo significativa a diminución nos accidentes de todas as cualificacións. Mantense, por tanto, a tendencia decrecente na sinistralidade laboral dos últimos anos. Na clasificación por actividades económicas dos accidentes, a construción segue a ser con gran diferenza a actividade que máis sinistralidade rexistra.

Vixésima. No total de accidentes, Galicia está por riba do índice de incidencia estatal, tendo cinco comunidades un índice de incidencia maior. No que se refire ao índice de incidencia correspondente aos accidentes mortais, e excluindo o caso de Melilla, Galicia ocupa, con Estremadura, o primeiro lugar entre as comunidades, cun índice que

está máis de 2 puntos por riba da media estatal. Na evolución destes índices en Galicia obsérvase claramente unha diminución en relación cos anos anteriores.

Vixésimo primeira. O número de convenios colectivos que existen en Galicia a 31 de decembro de 2012, xa sexan vixentes ou prorrogados tacitamente, é de 841, dos cales 126 son de sector e 715 de empresa. Asináronse por primeira vez este ano 14 novos convenios (todos de empresa), sete na Coruña, un en Lugo, cinco en Pontevedra e un é de ámbito autonómico.

Vixésimo segunda. O incremento salarial pactado nos convenios colectivos asinados e revisados en 2012 foi do 1,47%. Esta media é inferior ao IPC galego deste ano, que foi do 2,6%, e tamén ao estatal, que foi do 2,9%.

O 25,64% dos convenios asinados, e o 43,33% dos revisados recollen cláusulas de revisión salarial, mentres que o 57,14% dos convenios colectivos de sector asinados en 2012 recollen cláusulas de desvinculación salarial.

Respecto da ultraactividade dos convenios colectivos, a 31 de decembro de 2012, o 57,26% dos convenios recollen pactos establecendo a ultravixencia do texto convencional. O 64,19% das persoas traballadoras afectadas pola negociación colectiva contan coa cobertura dunha cláusula de ultraactividade.

En materia de xornada, a media pactada no ano 2012 foi de 1770 horas, sendo máis reducida nos convenios de empresa (1727 horas) fronte aos de sector (1781 horas). Son 82 convenios colectivos os que indican unha xornada inferior á máxima legal (10 de sector e 72 de empresa).

Vixésimo terceira. Con datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, e segundo criterios de repercusión, as folgas experimentaron un claro incremento en relación co ano anterior, dato que se aprecia no aumento no seu número, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas.

Vixésimo cuarta. En expedientes de regulación de emprego, séguense incrementando sensiblemente neste ano tanto os expedientes como o número de persoas traballadoras afectadas, o que reflicte que continúa a situación que, durante estes últimos anos, afecta gravemente ao mundo laboral. Desagregando por tipos de expediente resolto, obsérvase un incremento nos expedientes de regulación dos tipos redutivo e suspensivo, e unha diminución nos expedientes de tipo extintivo.

Vixésimo quinta. O número de persoas perceptoras en Galicia da prestación económica de desemprego sitúanse en media anual do 2012 en 158.640, cun aumento do 8,67% con respecto o ano anterior; se ben supoñen só o 5,39% do total estatal. Case a metade das persoas perceptoras da Comunidade Autónoma o son dunha prestación asistencial (subsídio ou renda activa de inserción).

Vixésimo sexta. Os preto de 964.000 persoas beneficiarias do conxunto de prestacións sociais en Galicia supoñen o 34,65% do total da poboación, porcentaxe que é 7,82 puntos máis elevada co correspondente ó total do Estado. O importe mensual destas prestacións foi en Galicia de 701 millóns de euros, o que supón un incremento dun 3,4% con respecto ao ano 2011.

Vixésimo sétima. Analizando os resultados dos procesos electorais en Galicia durante o período de catro anos, e tendo en conta os e as representantes con mandato en vigor a 31 de decembro de 2012, a central sindical UGT-Galicia, cun 30,18% do total, é a que obtivo o maior número de representantes (5.552), seguida do SN de CC.OO. de Galicia e CIG cun 28,98% e un 26,75% respectivamente (5.331 e 4.921 representantes), repartíndose o 14,09% restante as demais centrais sindicais e grupos de traballadores, cun total de 2.592 representantes.



Advertencia previa: O feito de que os datos se expresen nalgúns casos en miles (de euros ou de persoas), e noutros se redondeen en centos ou miles para facilitar a súa comprensión, orixina que, nalgúns casos, a suma dos parciais non coincida co total, xa que se optou porque reflectan do xeito máis aproximado posible, neses casos, a contía de cada un dos datos totais e do parcial.

Capítulo 1

A economía galega no ano 2011

■ Cadro I.1	Economía internacional: % de variación PIB, IPC e taxa de desemprego. EE.UU. e UEM. 2007 – 2012	19
■ Cadro I.2	Crecemento do PIB (I) Galicia, España e UE. 2001-2012	20
■ Cadro I.3	Porcentaxe de crecemento(I) do PIB. Por CC.AA. 2007-2012	21
■ Cadro I.4	PIB por habitante (en euros). Galicia e España. 2008-2012.....	22
■ Cadro I.5	Converxencia en PIB por habitante. España e a Unión Económica e Monetaria respecto da Unión Europea. 2010-2012.....	23
■ Cadro I.6	PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2007-2012.....	23
■ Cadro I.7	PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2012	24
■ Cadro I.8	PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2009-2012	25
■ Cadro I.9	PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2007-2011-2012. Por trimestres.....	25
■ Cadro I.10	Balance do mercado de traballo. Galicia. 2007-2012.....	26
■ Cadro I.11	Evolución do comercio exterior en Galicia. 2008-2012	29
■ Cadro I.12	Comercio internacional de Galicia, Principales grupos arancelarios. 2012	30
■ Cadro I.13	Exportacións galegas. Por provincias. 2012	31
■ Cadro I.14	Principais destinos das exportacións galegas. 2012	32
■ Cadro I.15	Importacións galegas. Por provincias. 2012	32
■ Cadro I.16	Principais Estados de procedencia das importacións galegas. 2012	33
■ Cadro I.17	Porcentaxe de variación do IPC(I). Galicia/España. 2001-2012	35
■ Cadro I.18	Porcentaxe de variación do IPC(*). Por provincias. 2007-2012	35
■ Cadro I.19	Inflación subxacente. Galicia e España. 2007-2012	36
■ Cadro I.20	IPC por grupos de gasto. Galicia. 2006-2012	36

■ Cadro 1.21	Custos e xornadas laborais. Galicia. 2008 – 2012.....	37
■ Cadro 1.22	Custo laboral neto. Por CC.AA. 2012	38
■ Cadro 1.23	Salario mínimo interprofesional. España. 2006-2012	40

Capítulo 2 Estrutura empresarial e política industrial

■ Cadro 2.1	Empresas activas, por sector económico e comunidade autónoma. 2012.....	42
■ Cadro 2.2	Distribución das empresas. Por sectores económicos ⁽¹⁾ . Galicia/ España. 2004-2012	43
■ Cadro 2.3	Evolución do número total de empresas. Galicia e España. 2001-2012.....	43
■ Cadro 2.4	Distribución das empresas. Por provincias. Galicia/España. 1995-2012	44
■ Cadro 2.5	Empresas segundo condición xurídica, por provincias. Galicia/España. 2007-2012.....	45
■ Cadro 2.6	Empresas, por estrato de asalariados/as e provincias. Galicia/España. 2007-2012	46
■ Cadro 2.7	Porcentaxe de empresas que teñen asalariados/as.....	47
■ Cadro 2.8	Número de empresas, por estrato de asalariados/as. Galicia/España. 2012.....	47
■ Cadro 2.9	Porcentaxe de empresas. Por estrato de asalariados/as ⁽¹⁾ . Galicia/España. 2000-2012	48
■ Cadro 2.10	Sociedades mercantís creadas e disoltas. Galicia/España. 2012	49
■ Cadro 2.11	Capital medio suscrito ⁽⁹⁾ das sociedades mercantís creadas en 2012. Galicia / España. 2012.....	49
■ Cadro 2.12	Sociedades mercantís que amplían capital e sociedades disoltas. Galicia /España 2012	50
■ Cadro 2.13	Debedores concursados. Galicia / España. 2008-2012	50
■ Cadro 2.14	Debedores concursados. Desagregación en distintas variables. Galicia / España. 2012.....	51
■ Cadro 2.15	Empresas concursadas por tramos de asalariados, volume de negocio e actividade económica principal. Galicia / España. 2012	52
■ Cadro 2.16	Porcentaxe de efectos comerciais impagados sobre vencidos. Por CC.AA. 2009-2012.....	53
■ Cadro 2.17	Distribución porcentual da cifra de negocios. Por CC.AA. 2007-2011	54
■ Cadro 2.18	Evolución do peso de Galicia no total estatal nas principais variables da industria ⁽¹⁾ . 2001-2011	55
■ Cadro 2.19	Importe neto da cifra de negocios ⁽¹⁾ . Por agrupacións de actividade. Galicia 2008 – 2011	55
■ Cadro 2.20	Porcentaxe de vendas por CCAA. 2012	56
■ Cadro 2.21	Evolución do peso de Galicia no total estatal da produción comercializada ⁽¹⁾ . 2001-2012.....	57
■ Cadro 2.22	Porcentaxe do valor da produción comercializada, por grandes agrupacións. Galicia. 2008-2012	58
■ Cadro 2.23	Porcentaxe do valor da produción comercializada por grandes agrupacións. Galicia / España. 2012.....	59
■ Cadro 2.24	Variación do Índice xeral de produción industrial ⁽⁹⁾ . Por CC.AA. 2012	60
■ Cadro 2.25	Variación do Índice xeral de prezos industriais ⁽⁹⁾ . Por CC.AA. 2012	61
■ Cadro 2.26	Participación na cifra de negocios dos servizos. Por CC.AA. 2011	62
■ Cadro 2.27	Participación no persoal ocupado nos servizos. Por CC.AA. 2011	63
■ Cadro 2.28	Porcentaxe de variación do índice de comercio polo miúdo. Por CC.AA. 2012.....	63
■ Cadro 2.29	Variación do índice de ocupación no comercio polo miúdo. Por CC.AA. 2012	64
■ Cadro 2.30	Ocupación hoteleira. Galicia. 2007-2012	65
■ Cadro 2.31	Gastos internos e persoal en I + D. Por comunidades autónomas. 2011	66
■ Cadro 2.32	Evolución dos gastos internos en I+D. % Galicia/España. 1994-2011	67
■ Cadro 2.33	Gastos internos totais en I + D. Por comunidades autónomas e sector de execución. 2011	68
■ Cadro 2.34	Porcentaxe de execución do gasto en I+D Por sectores. Galicia e España. 2010-2011	69
■ Cadro 2.35	Evolución da porcentaxe de gastos respecto ao PIB a prezos de mercado. Por comunidades autónomas 2001-2011.....	69
■ Cadro 2.36	Porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB. Países OCDE Europa: 2007-2011	70
■ Cadro 2.37	Principais indicadores de I+D en empresas, por tipo de empresa ⁽¹⁾ e comunidades autónomas. 2011	71
■ Cadro 2.38	Empresas Innovadoras e Gastos en innovación por CC.AA. 2011	72
■ Cadro 2.39	Investimentos e cadro de persoal da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI).....	74
■ Cadro 2.40	Fondos Comunitarios Galicia 2007-2013.....	77

■ Cadro 2.41	Marco de apoio comunitario do obxectivo 01. Grao de execución do gasto público a 31/12/2012 Programa operativo FEDER de Galicia.....	78
■ Cadro 2.42	Contribución financeira da UE nos sectores agrariopesqueiros. Galicia. 2005-2011	80
■ Cadro 2.43	Distribución da axuda FSE 2007-2013 asignada a Galicia por instrumentos de intervención	81
■ Cadro 2.44	Fondos FSE asignados a Galicia 2007-2013 por eixes de actuación	81
■ Cadro 2.45	I+D+I Proxectos CDTI en Galicia. Axudas parcialmente reembolsables 2009-2011 ^(*)	82
■ Cadro 2.46	Fomento da competitividade de sectores estratéxicos industriais 2011	83
■ Cadro 2.47	Incentivos económicos rexionais. Proxectos aprobados entre o 01.01.2012 ao 31.12.2012.....	84
■ Cadro 2.48	Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia, acollidos á Lei 50/1985, aprobados entre o 01.06.1988 e o 31.12.2012	84
■ Cadro 2.49	Expedientes de incentivos económicos rexionais da Comunidade Autónoma de Galicia, acollidos á Lei 50/1985, aprobados de 1994 a 2012	85
■ Cadro 2.50	Solicitudes de incentivos económicos rexionais recibidas do 01/06/1988 ao 31/12/2012	86
■ Cadro 2.51	Incentivos económicos rexionais. Proxectos aprobados vixentes ⁽¹⁾ entre o 01/06/1988 ao 31/12/2012.....	87
■ Cadro 2.52	Fondos de capital de risco de XESGALICIA 2000-2012	89
■ Cadro 2.53	Programas de apoio financeiro ás PEMES. Por liñas de financiamento. Galicia. 2012	91
■ Cadro 2.54	Programas de apoio á continuidade e mellora competitiva. Galicia 2009-2012.....	91
■ Cadro 2.55	Programas de apoio á expansión exterior das empresas. 2010-2012 ^(*)	92
■ Cadro 2.56	Programas de apoio asimilados a subvencións ao emprego estable (grandes investimentos empresariais). Galicia 2010- 2012.....	92
■ Cadro 2.57	Subvencións e axudas da Presidencia da Xunta e das Consellerías de Economía e Industria e Cultura e Turismo (capítulo VII). Galicia. 2009-2012	93
■ Cadro 2.58	Suvencións e Axudas da Consellería do Medio Rural (CAP. VII) Galicia 2009-2012.....	95
■ Cadro 2.59	Subvencións e axudas da Consellería do Mar (capítulo VII). Galicia. 2009-2012.....	96
■ Cadro 2.60	Subvencións e axudas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructura (capítulo VII). Galicia. 2009-2012	97

Capítulo 3 Economía Social

■ Cadro 3.1	Sociedades Laborais rexistradas e socios iniciais das mesmas, segundo tipo de socio e sexo. Por comunidade autónoma e provincia. 2012.....	100
■ Cadro 3.2	Sociedades laborais rexistradas e socios iniciais das mesmas, segundo sector de actividade. Galicia 2012	101
■ Cadro 3.3	Cooperativas constituídas, segundo a clase, e socios iniciais das mesmas, segundo sexo, por ámbito territorial. 2012	101
■ Cadro 3.4.1	Cooperativas inscritas na Seguridade Social e traballadores das mesmas, segundo sexo, por comunidade autónoma e provincia. 2010-2012.....	102
■ Cadro 3.4.2	Sociedades Laborais inscritas na Seguridade Social e traballadores das mesmas, segundo sexo, por comunidade autónoma e provincia. 2010-2012.....	103
■ Cadro 3.5	Cooperativas inscritas e número de socios. Galicia 2012.....	104
■ Cadro 3.6	Cooperativas constituídas e número de socios por actividade económica. 2012	105
■ Cadro 3.7	Sociedades laborais constituídas e número de socios por provincia. 2012	107

Capítulo 4 Poboación e mercado de traballo

■ Cadro 4.1	Poboación de Galicia, España e UE ⁽¹⁾ . 2008-2013	110
■ Cadro 4.2	Poboación ⁽¹⁾ por comunidades autónomas a 1 de xaneiro de 2013	111
■ Cadro 4.3	Poboación. Galicia. Por provincias. 2007-2013	112
■ Cadro 4.4	Poboación dos 7 sete maiores concellos de Galicia a 1/1/2013	112
■ Cadro 4.5	Poboación estranxeira en Galicia. 2005-2013	113
■ Cadro 4.6	Poboación estranxeira. Galicia (e provincias) / España. 2012-2013.....	114
■ Cadro 4.7	Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Por CC.AA. 2012	114
■ Cadro 4.8	Movementos naturais de poboación. Galicia. 1975-1995/2010-2012	115
■ Cadro 4.9	Taxas de natalidade e mortalidade. Por CC.AA. 2012	116
■ Cadro 4.10	Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Galicia. Por provincias. 2012	117
■ Cadro 4.11	Tasas de natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo. Galicia e provincias. España. 2012.....	117

■ Cadro 4.12	Crecemento natural por 1.000 habitantes. Provincias galegas. España. 2008-2012	118
■ Cadro 4.13	Saldo vexetativo ⁽¹⁾ por 1.000 habitantes. Galicia, España, UE. 1975-2012	118
■ Cadro 4.14	Resumo da evolución demográfica. Galicia/España. 2012	120
■ Cadro 4.15	Resumo da evolución demográfica. CC.AA. 2012	121
■ Cadro 4.16	Saldo migratorio co estranxeiro. Poboación de nacionalidade española. Por CC.AA. 2012	122
■ Cadro 4.17	Crecemento natural. Nacementos e defuncións. Galicia. Por provincias. 2012	124
■ Cadro 4.18	Emigración galega ó estranxeiro por grupos de idade. 2012.....	124
■ Cadro 4.19	Poboación de alomenos 16 anos, por actividade económica. Galicia. 2007-2012.....	126
■ Cadro 4.20	Poboación de 16 e máis anos por sexo e relación coa actividade económica. Galicia. 2009-2012	127
■ Cadro 4.21	Poboación activa. Por CC.AA. 2010-2012	128
■ Cadro 4.22	Taxas de actividade. Por comunidades autónomas. 2009-2012.....	129
■ Cadro 4.23	Poboación activa. Por provincias. 2007-2012	130
■ Cadro 4.24	Taxa de actividade. Por sexo. Galicia 2010-2012	130
■ Cadro 4.25	Taxa de actividade. Por sexo e provincia. 2008-2012	131
■ Cadro 4.26	Poboación ocupada. Por comunidades autónomas. 2010-2012	132
■ Cadro 4.27	Taxas de ocupación. Por comunidades autónomas. 2010-2012	134
■ Cadro 4.28	Taxas de ocupación da poboación 16-64 anos. España/UE. 2005-2012	135
■ Cadro 4.29	Taxas de ocupación. Por sexo. Galicia. 2007-2012	136
■ Cadro 4.30	Taxa de ocupación. Por sexo e provincia. 2008-2012.....	136
■ Cadro 4.31	Porcentaxes de poboación ocupada por sexo e situación profesional. Galicia/España. 2012.....	137
■ Cadro 4.32	Poboación ocupada por sector económico. Galicia 2008-2012	138
■ Cadro 4.33	Porcentaxe de persoas ocupadas por sector económico. Galicia/España. 2012	139
■ Cadro 4.34	Porcentaxe de contratación indefinida e temporal. Galicia/ España. 2010-2012.....	139
■ Cadro 4.35	Persoas asalariadas. Sectores público e privado. Galicia/España. 2011-2012	140
■ Cadro 4.36	Persoas asalariadas. Por tipo de xornada. Galicia/España. 2011-2012	140
■ Cadro 4.37	Poboación desempregada. Por comunidades autónomas. 2010-2012	141
■ Cadro 4.38	Taxas de desemprego. Por comunidades autónomas. 2010-2012.....	142
■ Cadro 4.39	Taxa de desemprego. Por sexos. Galicia. 2006-2012	144
■ Cadro 4.40	Taxas de desemprego. Por grupos de idade e sexo. Galicia. 2011-2012.....	144
■ Cadro 4.41	Persoas desempregadas por tempo de búsqueda de emprego. Galicia. 2008-2012	145
■ Cadro 4.42	Paro rexistrado. Por comunidade autónoma. 2012.....	147
■ Cadro 4.43	Evolución do paro rexistrado e da taxa de paro. Galicia. Galicia 2008-2012	148
■ Cadro 4.44	Paro rexistrado. Por provincias e idades. Galicia. 2012	148
■ Cadro 4.45	Paro rexistrado e taxa de paro. Por provincias. 2012	149
■ Cadro 4.46	Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2012	149
■ Cadro 4.47	Paro rexistrado. Por sectores. Galicia. 2012.....	150
■ Cadro 4.48	Paro rexistrado. Por nivel académico e provincias. 2012.....	151
■ Cadro 4.49	Paro rexistrado por comarcas. Por idades e sectores económicos. Galicia. 2012	152
■ Cadro 4.50	Poboación inactiva por situación de inactividade. Galicia e provincias. 2008-2012	153
■ Cadro 4.51	Poboación inactiva por situación de inactividade e comunidade autónoma. 2012	154
■ Cadro 4.52	Poboación inactiva por clase principal de inactividade e comunidade autónoma. 2012. Porcentaxe respecto do total de cada comunidade autónoma	155
■ Cadro 4.53	Poboación inactiva por grupos de idade e comunidade autónoma. 2012. Porcentaxes respecto do total de cada comunidade autónoma	156

Capítulo 5 **A muller no mundo laboral**

■ Cadro 5.1	Poboación de Galicia e España. Por sexo e provincias. 2012(1).....	159
■ Cadro 5.2	Poboación España e U.E. % de mulleres 2009/2012	159
■ Cadro 5.3	Porcentaxe de mulleres sobre a poboación total. Por comunidades autónomas. 2002-2011	160
■ Cadro 5.4	Poboación de Galicia. Por idade (grupos quinquenais) e sexo. 2012	161
■ Cadro 5.5	Nacemento segundo o sexo do/a nacido/a. 1984-2012. Galicia	162
■ Cadro 5.6	Poboación estranxeira. Porcentaxe de mulleres. Por CC.AA. 2007-2012.....	163
■ Cadro 5.7	Distribución porcentual da poboación de alomenos 16 anos. Pola relación coa actividade económica. Por sexo e provincia. 2011-2012.....	164
■ Cadro 5.8	Taxa de actividade por sexo e comunidade autónoma. 2011-2012	165
■ Cadro 5.9	Poboación inactiva. Por clase de inactividade, sexo e comunidade autónoma. 2012....	166
■ Cadro 5.10	Inactivos/as por grupo de idade, sexo e comunidade autónoma. Valores absolutos. Galicia 2010 - 2012	167

■ Cadro 5.11	Distribución porcentual dos ocupados/as por sector económico, comunidade autónoma e sexo. 2012.....	168
■ Cadro 5.12	Taxas de desemprego. Por sexo e comunidade autónoma. 2012	169
■ Cadro 5.13	Taxa de paro. Por idades e sexos. Galicia. 2012	170
■ Cadro 5.14	Parados/as. Por idade e sexo. Galicia. 2012	170
■ Cadro 5.15	Parados/as. Por nivel académico e sexo. Galicia. 2012	171
■ Cadro 5.16	Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as. Segundo grupo principal de ocupación. Por provincias. Decembro 2012	172
■ Cadro 5.17	Parados/as. Por actividade económica e sexo. Galicia. 2012	173
■ Cadro 5.18	Demandas de emprego pendentes de demandantes parados/as. Segundo idade e duración da demanda e sexo, por provincias. Decembro 2012.....	174
■ Cadro 5.19	Demandas de emprego pendentes. Segundo clasificación da demanda. Por sexo e por provincias. Decembro 2012.....	175
■ Cadro 5.20	Baixas de demandas de emprego. Segundo causa da baixa. Por sexo e por provincias. Decembro 2012	175
■ Cadro 5.21	Perfil dos parados/as en xeral. Ano 2012. Galicia.....	176
■ Cadro 5.22	Contratados. Por idade e sexo. España 2012. Porcentaxe	176
■ Cadro 5.23	Contratos nos catro grandes sectores de actividades económicas (clasificación CNAE) por sexo. Galicia. 2012	177
■ Cadro 5.24	Contratos sectoriais por seccións (clasificación CNAE) e sexo. Galicia. 2012.....	178
■ Cadro 5.25	Contratos asociados aos grandes grupos de ocupación por sexo. Galicia. 2012.....	179
■ Cadro 5.26	Contratos indefinidos acollidos a medidas de fomento da contratación. Segundo sexo, idade e provincias. Galicia 2012	180
■ Cadro 5.27	Tipoloxía contractual por sexo e idade. Ano 2012	180
■ Cadro 5.28	Alumnado matriculado en ciclo formativo de FP grao superior; por sexo. Curso 2012 / 2013. Galicia - España	181
■ Cadro 5.29	Ensinanza non universitaria. Alumnado matriculado en bacharelato, por sexos. Curso 2012 - 2013. Galicia	181
■ Cadro 5.30	Abandono educativo temperán. Poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria segunda etapa e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). Galicia	182
■ Cadro 5.31	Alumnado matriculado en Ensino Universitario, por tipo de estudio e sexo. Curso 2010 - 2011. Galicia	182
■ Cadro 5.32	Alumnado que terminou os estudos Universitarios, por tipo de estudio e sexo. Curso 2010 - 2011. Galicia	183
■ Cadro 5.33	Distribución por sexo de altos cargos da Administración do Estado en porcentaxe de mulleres 2009/ 2012	184
■ Cadro 5.34	Mulleres no goberno en %	184
■ Cadro 5.35	Composición dos Parlamentos Autonómicos	185
■ Cadro 5.36	Composición dos Parlamentos Autonómicos	186
■ Cadro 5.37	Mulleres no Parlamento Europeo. (2009)	187
■ Cadro 5.38	Participación de mulleres nos Parlamentos Nacionais dos países europeos. Cámara única ou baixa. 2010-2013.....	188
■ Cadro 5.39	Participación de mulleres en diversos órganos constitucionais. España 2012.....	189
■ Cadro 5.40	Excedencias por coidado de persoas dependentes. España 2011- 2012	190
■ Cadro 5.41	Núcleos familiares monoparentais por sexo en miles. 2008-2011	190
■ Cadro 5.42	Permisos de maternidade por comunidades autónomas	191
■ Cadro 5.43	Excedencias* por coidado de fillas/os	191
■ Cadro 5.44	Permisos de Paternidade por CC.AA	192
■ Cadro 5.45	Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España 2011-2012	193
■ Cadro 5.46	Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares. España 2011-2012	194
■ Cadro 5.47	Asalariados por CCAA e sexo. 2011	195
■ Cadro 5.48	Asalariados por sector de actividade económica e sexo. Galicia / España. 2011	195
■ Cadro 5.49	Percepcións salariais por tramo de salario e sexo. Galicia / España. 2012	196
■ Cadro 5.50	Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2011. Encuesta anual de estrutura salarial.....	197
■ Cadro 5.51	Contía media diaria bruta recoñecida a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo. Segundo sexo e idade. España. 2012	199
■ Cadro 5.52	Percepcións medias de prestacións por desemprego. Por sexo e comunidade autónoma do perceptor. Galicia/España. 2011	200

■ Cadro 5.53	Desempregados e prestacións medias por nacionalidade e sexo do perceptor: Galicia - España. 2011	201
■ Cadro 5.54	Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo. España 2011/2012	201
■ Cadro 5.55	Pensión contributivas, segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase. España 2012	202
■ Cadro 5.56	Pensión por CCAA e sexo. 2011	203

Capítulo 6 Inicio da Relación laboral

■ Cadro 6.1	Empresas en alta. Por réximes. Galicia. 2011-2012	206
■ Cadro 6.2	Empresas conta allea e traballadores, segundo sector de actividade, por comunidade autónoma e provincia de radicación dos seus centros de traballo	206
■ Cadro 6.3	Empresas conta allea e traballadores, segundo tamaño da empresa e sexo, por comunidade autónoma e provincia de radicación dos seus centros de traballo	207
■ Cadro 6.4	Empresas conta allea e traballadores, segundo tipo da empresa e sexo, por comunidade autónoma e provincia de radicación dos seus centros de traballo	207
■ Cadro 6.5	Comunicación de aperturas de centros de traballo rexistradas, por tipo de actuación e provincia. 2012	208
■ Cadro 6.6	Comunicación de aperturas de centros de traballo por sección da CNAE e provincia. 2012	208
■ Cadro 6.7	Distribución provincial das persoas traballadoras en centros de traballo segundo o sexo. 2012	208
■ Cadro 6.8	Persoas traballadoras en centros de traballo por sección da CNAE e provincia. 2012	209
■ Cadro 6.9	Distribución provincial dos centros de traballo rexistrados e persoas traballadoras ocupadas. Evolución 2009-2012	209
■ Cadro 6.10	Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral. Réximes Xeral e Agrario, e total. Galicia/España. 1985/1991/2005/ 2009 a 2012	211
■ Cadro 6.11	Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral. Por réximes. Galicia/España. 2002-2012	213
■ Cadro 6.12	Traballadores/as afiliados/as e en alta. Por réximes e sexos. Galicia. 1998/2011-2012	214
■ Cadro 6.13	Afiliados/as e en alta laboral por tramos de idade e sexo. Galicia. 2010-2012	215
■ Cadro 6.14	Traballadores/as afiliados/as en alta laboral. Por sector de actividade. Galicia/España. 2007-2012	216
■ Cadro 6.15	Altas laborais iniciais. Por réximes. Galicia/España. 1995/2000/2009-2012	217
■ Cadro 6.16	Traballadores/as afiliados/as e en alta laboral. Por réximes e comunidades autónomas. 2007-2012	219
■ Cadro 6.17	Estranxeiros con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e réxime. Galicia 2012	222
■ Cadro 6.18	Estranxeiros do Réxime Comunitario con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e nacionalidade 31-12-2012	223
■ Cadro 6.19	Estranxeiros do Réxime Comunitario con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e sexo. 31-12-2012	223
■ Cadro 6.20	Estranxeiros do Réxime Comunitario con certificado de rexistro ou tarxeta de residencia en vigor segundo provincia e grupo de idade. 31-12-2012	223
■ Cadro 6.21	Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e tipo de autorización de residencia. 31-12-2012	224
■ Cadro 6.22	Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e motivo de concesión. 31-12-2012	224
■ Cadro 6.23	Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e nacionalidade. 31-12-2012	224
■ Cadro 6.24	Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e sexo. 31-12-2012	225
■ Cadro 6.25	Estranxeiros do Réxime Xeral con autorización de residencia en vigor segundo provincia e grupo de idade. 31-12-2012	225
■ Cadro 6.26	Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral, segundo réxime, por provincia. Galicia 2012	226
■ Cadro 6.27	Autorizacións de traballo concedidas segundo provincia do centro de traballo. Galicia 2012	226
■ Cadro 6.28	Contratos a estranxeiros segundo sexo, idades e sectores, por provincias. Galicia 2012	226

■ Cadro 6.29	Contratos a estranxeiros segundo sexo, idades e sectores, por provincias. Galicia 2012	227
■ Cadro 6.30	Censo electoral de galegos residentes no estranxeiro. Número de electores por provincia de inscrición	227
■ Cadro 6.31	Evolución do censo electoral de galegos residentes no estranxeiro	228
■ Cadro 6.32	Galegos no estranxeiro. Por Continente de residencia e provincia de inscrición	228
■ Cadro 6.33	Saldos por variación residencial e tipo de saldo Galicia 2012	229
■ Cadro 6.34	Variacións residenciais. Altas por capital de provincia, procedencia e nacionalidade. Galicia 2012	229
■ Cadro 6.35	Variacións residenciais. Baixas por capital de provincia, continente de destino e nacionalidade. Galicia 2012	229
■ Cadro 6.36	Baixas consulares de españois residentes no estranxeiro, segundo país de procedencia, por provincia de destino. Galicia 2012	230

Capítulo 7 Contratación

■ Cadro 7.1	Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións colaboración social. Galicia/España. 2011-2012.....	234
■ Cadro 7.2	Total contratos de traballo. Por provincias. Galicia. 2011-2012	234
■ Cadro 7.3	Contrato de traballo por tipo e por sector. Galicia 2012	235
■ Cadro 7.4	Contratos de traballo iniciais segundo sección de actividade económica. Por provincias. Ano 2012	236
■ Cadro 7.5	Contratos de traballo iniciais segundo grupo principal de ocupación do posto. Por provincias. Ano 2012	237
■ Cadro 7.6	Contratos eventuais por circunstancias da produción. Segundo sexo, idade e provincia. Galicia 2012	238
■ Cadro 7.7	Contratos eventuais por circunstancias da produción. Por duración e provincias. Galicia 2012	239
■ Cadro 7.8	Contratos eventuais por circunstancias da produción. Por sexo, tipo de xornada e provincias. Galicia 2012	239
■ Cadro 7.9	Contratos de obra ou servizo. Por sexo, idade e provincia. Galicia 2012.....	241
■ Cadro 7.10	Contratos de obra ou servizo. Por duración e provincia. Galicia 2012	242
■ Cadro 7.11	Contratos por obra ou servizo. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Galicia. Decembro 2012	242
■ Cadro 7.12	Contratos de interinidade. Por sexos, idade e provincia. Galicia 2012	244
■ Cadro 7.13	Contratos de interinidade. Por duración e provincias. Galicia 2012	245
■ Cadro 7.14	Contratos de interinidade. Por sexo, tipo de xornada e provincia. Decembro 2012.....	246
■ Cadro 7.15	Contratos de formación. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2012	247
■ Cadro 7.16	Contratos de formación por duración e provincias. Galicia 2012	248
■ Cadro 7.17	Contratos en prácticas. Por sexos, idade e provincias. Galicia 2012.....	250
■ Cadro 7.18	Contratos en prácticas. Por duración e provincias. Galicia 2012	250
